



CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

INFORME DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN.

No cumprimento do disposto pola Alcaldía en data 9 de xaneiro de 2017, sobre modificación da imposición do tributo e da correspondente ordenanza fiscal que regula a taxa pola expedición de documentos administrativos, en concordancia co establecido polo artigo 54 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e artigos 3.b e 4.1.h) do Real Decreto 1174/1987, do 18 de setembro, o Secretario-Interventor que subscribe, informa o seguinte:

ANTECEDENTES

A Alcaldía segundo memoria do 9 de xaneiro de 2017, propón a modificación da imposición da referida taxa e ordenanza reguladora, á vista das necesidades e circunstancias actuais que concorren no referido tributo.

INFORME

Primeiro.- A lexislación de aplicación está recollida:

- Artigos 4.1, 22.2.e), 107 e 111 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime Local.
- Artigos 15 a 19, 20 e 27 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo; artigo 6 da Lei 8/189, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos. Son de aplicación xeral a Lei Xeral Tributaria, o Regulamento Xeral de Recadación e supletoriamente a Lei Xeral Orzamentaria.
- O artigo 6 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos (concepto de taxa).

Segundo.- Os concellos poden establecer e esixir taxas pola prestación de servizos ou a realización de actividades da súa competencia e pola utilización privativa ou o aproveitamento especial dos bens do dominio público municipal, segundo as normas contidas na Sección 3^a. do Capítulo III do Título I do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Terceiro.- A taxa pola expedición de documentos administrativos, é un tributo local e o Concello pode acorda-la imposición ou modificación dos tributos que teña establecidos; o acordo que se adopte ao efecto é competencia do Pleno e deberá referirse tamén á Ordenanza reguladora e sinala-las datas de aprobación e aplicación, esixíndose o quórum da maioría simple dos membros presentes para a súa aprobación.

O artigo 24.2 establece que en xeral, o importe das taxas pola prestación dun servizo ou pola realización dunha actividade, non poderá exceder, no su conxunto, do custo real ou previsible do servizo ou da actividade de que se trate, ou no seu defecto do valor da prestación recibida; no mesmo apartado establecese os custos directos e indirectos a tomar en consideración. Neste mesmo artigo establecese o tipo de cota, criterios para determinar a súa contía e indemnización por danos.



CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

Cuarto.- O acordo que adopte o Pleno deberá someterse a información pública por un prazo mínimo de trinta días mediante anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello. No caso de que non se presentasen reclamacións entenderase definitivamente aprobado o acordo provisional.

Quinto.- A imposición ou modificación do tributo e a aprobación da correspondente ordenanza fiscal deberase acordar de forma simultánea polo Pleno. Sinalar por outra banda que o importe estimado da taxa pola prestación dun servicio non poderá excede-lo custo real ou previsto do servicio ou actividade.

Polo exposto, considerase que procede a tramitación do expediente de imposición da referida taxa e da ordenanza fiscal con suxección a referida legislación.

Non obstante, a Corporación acordará o que estime pertinente.

Cabanas, 11 de xaneiro de 2017.
O Secretario-Interventor

Asdo: Antonio López Vila